

PREÁMBULO

Desde a asemblea fundacional de Galiza Nova (Compostela, 23 e 24 de xullo de 1988), pasaron xa 28 anos. Case tres décadas de traballo ininterrompido, con altos e baixos, con erros e con acertos, como tamén lle aconteceu ao BNG. En calquera caso, máis dun cuarto de século de intenso traballo entre a mocidade e ao servizo da causa da liberación nacional da Galiza.

En xaneiro de 1991, en Vigo, formalizábase na V Asemblea Nacional do BNG a integración de Galiza Nova na fronte patriótica. Pasaba a ser así, formalmente, a súa organización xuvenil.

O traballo de Galiza Nova verificouse útil en cada un dos momentos, na súa intervención política e social na mocidade, mais tamén, xa desde unha perspectiva histórica, cumpriu un papel moi relevante á hora de nutrir de militantes e cadros de dirección ás organizacións do movemento nacionalista galego. Daquela, tivo -e mantén agora- alén da súa funcionalidade concreta como organización xuvenil, un carácter estratéxico garantindo relevo, continuidade e viabilidade no nacionalismo galego.

A XIV Asemblea Nacional de Galiza Nova (26 de novembro de 2016) analizou a necesidade de mellorar a relación política e orgánica co BNG, e acordou facer chegar unha nova proposta á fronte nacionalista. O tempo transcorrido desde a adopción do acordo de integración (1991), e as mudanzas operadas desde entón no BNG, en Galiza Nova, e na propia sociedade galega, obrigan a actualizar este acordo recíproco, a través dun novo protocolo de integración da organización da mocidade, que sexa quen de lle outorgar unha nova funcionalidade adaptada ao contexto actual.

PROTOCOLO DE RELACIÓN DE GALIZA NOVA CO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

1. Galiza Nova asume como propios os principios ideolóxico-políticos do BNG na súa condición de organización xuvenil da fronte patriótica.
2. O BNG recoñece a Galiza Nova como a súa organización xuvenil.
3. Galiza Nova actúa como organización xuvenil autónoma integrada na estrutura frentista do BNG. En coherencia con este principio, a militancia xuvenil implicarase plenamente no fortalecemento e avance político do BNG.
4. A militancia de Galiza Nova será, a todos os efectos, militancia de pleno dereito do BNG.
5. A liña política de Galiza Nova, definida pola súa asemblea nacional, será coincidente na súa orientación xeral coa do BNG.
6. Galiza Nova, como organización xuvenil da fronte patriótica, comprométese a manter como fundamento da súa actividade a construción de conciencia nacional e popular entre a mocidade, a súa organización e mobilización, e o seu achegamento ao proxecto nacionalista representado polo BNG.

7. Galiza Nova informará periodicamente aos órganos do BNG da súa actividade, análises, propostas e necesidades.

8. O BNG asumirá a presenza de Galiza Nova en:

- a) Na súa intervención política e social global, e nas súas campañas políticas e electorais.
- b) No proceso de consolidación organizativa.
- c) Nas súas candidaturas.
- d) Na súa política de formación de cadros políticos e militancia.
- e) Na dotación financeira e de infraestrutura.

9. Galiza Nova contará con 2 representantes designad@s pola organización xuvenil no Consello Nacional do BNG.

10. A persoa que ocupe a Secretaría Xeral de Galiza Nova será membro nato da Executiva Nacional do BNG.

Galiza, 26 de marzo de 2016
XVI Asemblea Nacional do BNG

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz Nacional do BNG

Asdo.: Alberte Fernández Silva
Secretario Xeral de Galiza Nova